

PROPOSTA DE REORDENACIÓN DA UTILIZACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA RÚA CORTIÑA VELLA

1. CARACTERIZACIÓN DA RÚA:

- 1.1. **Tránsito motorizado de destino:** existen 2 garaxes, 4 portais de vivendas ou edificios e unha actividade comercial.
- 1.2. **Tránsito motorizado de paso:** vehículos procedentes da rúa do Baratillo que circulan en dirección á N-120.
- 1.3. **Tránsito de peóns:** nexo de comunicación peonil dende a rúa San Roque cara equipamentos como Biblioteca, Mercado ou Parque da Perillana e dende Perillana e Baratillo cara San Roque.
- 1.4. **Beirarrúas:** non existen, agás nos primeiros metros da marxe esquerda. O resto da rúa carece de zona para peóns delimitada e/ou segura.
- 1.5. **Calzada:** ten unha anchura variábel entre 3,00 e 5,50 mts e é de sentido único.
- 1.6. **Estacionamentos:** non dispón de zona de estacionamento delimitadas. Algúns vehículos estacionan na marxe dereita no tramo máis ancho da rúa, dificultando algunhas veces o paso doutros vehículos.

2. PROBLEMÁTICAS ACTUAIS NA RÚA DO BARATILLO

- 2.1. **Inexistencia dun itinerario peonil continuado, seguro e cómodo:** as persoas que camiñan teñen que circular polas zonas nas que circulan ou estacionan vehículos.
- 2.2. **Anchura insuficiente da sección da rúa para acoller zona de circulación e zona para peóns:** a anchura da rúa non permite crear

beirarrúas de 2,50 metros (mínimo establecido no Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel de Pontearreas) e un carril de circulación de 3 metros.

- 2.3. Tráfico de paso:** a próxima peonalización da rúa do Baratillo no tramo comprendido entre a fonte e a rúa Doutor Fernández Vega, conlevará que o tráfico de paso que circulaba por ese lugar o faga agora ou ben pola rúa Perillana até a Avenida de Castelao ou ben por Cortiña Vella até San Roque.

3. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

- 3.1. Rúa residencial de coexistencia con prioridade peonil:** a rúa pasará a ter a clasificación de rúa residencial ao igual que a rúa San Roque e coas mesmas limitacións. Isto conleva:

- a) Que os peóns poden circular por calquera lugar da calzada tendo prioridade sobre os vehículos. Deberán en todo caso non entorpecer innecesariamente o tráfico rodado.
- b) Que os vehículos poden circular respectando e dando sempre prioridade aos peóns que camiñen pola calzada.
- c) Que a velocidade dos vehículos se limita a 10 km/h. Esta velocidade é a establecida para as rúas de plataforma única e convivencia entre peóns e vehículos na Rede Ágora da que forman parte a meirande parte dos concellos da provincia de Pontevedra.

- 3.2. Permítese parar pero non estacionar:** dadas as dimensións da rúa, o seu carácter de preferencia peonil e o tráfico de paso que circulará por ela, os vehículos poderán parar (para descargas, recoller persoas con mobilidade reducida, etc...) pero non estacionar.

4. OBXECTIVOS DA PROPOSTA

- 4.1. Primeiro as persoas:** no uso do espazo público a prioridade son as persoas e o seu dereito a desprazarse camiñando de forma segura e cómoda. O tránsito de vehículos está supeditado e condicionado ao dereito a camiñar con seguridade. A proposta de actuación pretende garantir ese dereito que hoxe en día non se pode exercer.

- 4.2. Redución do tráfico de paso e innecesario:** Pontearreas, igual que a meirande parte de cidades e vilas, ten como obxectivo reducir o uso do vehículo a motor, especialmente nos centros urbanos. A proposta pretende reducir o número de coches que circulan por esta zona residencial, limitándoo aos vehículos que deben transitar por necesidade, non por comodidade. Ao darlle carácter residencial con preferencia peonil e limitación a 10 km/h fará pouco atractivo utilizar a rúa como lugar de paso e contribuirá a reducir o tráfico rodado.
- 4.3. Redución de contaminación:** a redución do tráfico e da velocidade máxima permitida, conleva a redución da contaminación por emisións de dióxido de carbono (CO₂), monóxido de carbono (CO) e o dióxido de nitróxeno (NO₂), unha contaminación invisíbel que causa milleiros de mortos no Estado segundo datos oficiais de organismos como a OMS ou a Comisión Europea.
- 4.4. Redución de ruído:** os vehículos a motor son os responsabeis da principal contaminación acústica en vilas e cidades.
- 4.5. Seguridade vial:** a redución do tráfico e a limitación da velocidade a 10 km/h conleva tamén aumentar a seguridade vial, especialmente nun lugar onde non existen itinerarios reservados para os peóns e a calzada é moi estreita.
- 4.6. Mellora e revitalización dunha zona degradada:** esta actuación será un primeiro paso para mellorar unha zona degradada e abandonada durante décadas e o paso previo para realizar un proxecto de humanización desta rúa que mellore a calidade de vida das persoas residentes, tal e como se fixo recentemente na rúa San Roque.
- 4.7. Cumprir a previsión do Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel:** o PMUS foi elaborado por técnicos en mobilidade co obxectivo de poñer en marcha medidas que melloren a calidade de vida en Pontearreas e a saúde dos seus habitantes. Entre elas contéplase que as rúas con anchura insuficiente como Cortiña Vella serán de plataforma única e prioridade peonil, con limitación de velocidade a 10 km/h.

Sométese esta proposta á consideración das persoas residentes e/ou usuarias de garaxes, actividades comerciais e asociacións representativas, grupos municipais, colectivos de defensa do medioambiente e taxistas. Publicitarase asemade na web do

Concello e medios de comunicación. Poderán realizarse suxestións ou solicitar máis información ou aclaracións entre o día 28 de xaneiro e o día 3 de febreiro en mobilidade@ponteareas.gal.

Ponteareas, 28 de xaneiro de 2021